



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES**

- Decreto polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal da Estrada (Pontevedra) e se aproba a ordenación urbanística provisional aplicable ata a entrada en vigor do novo plan
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da obra de mellora do trazado na estrada AC-213 p.k. 1+930 ao p.k.2+350
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na AC-841, treito: Os Tilos-A Ramallosa, p.k. 1+400 ao p.k 8+060
- Decreto polo que se dispón o cese, a petición propia, de José Carlos Baños como director xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a Axencia de Desenvolvemento da provincia de Manabí (República de Ecuador) para a execución do proxecto de fortalecemento do sector pesqueiro artesanal e elaboración dun plan de desenvolvemento local sustentable para a provincia de Manabí
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Ollscoile na Héireann, Corcaigh-National University of Ireland Cork*, para a docencia, investigación e mais a promoción da lingua e literatura galegas
- Acordo polo que se autoriza a superación dos límites retributivos previstos no artigo 7.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal sanitario das

institucións do Servizo Galego de Saúde (Sergas) para desempeñar postos de profesor asociado de Ciencias da Saúde

- Acordo polo que se autoriza o gasto por importe de 4.896.000 euros, correspondente á contratación da prestación do servizo de helicópteros do servizo de emerxencias 112-Galicia
- Acordo polo que se aproba o Plan Territorial de Continxencias de Contaminación Mariña de Galicia

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) para que, na concesión dun aval subsidiario a *Construcciones Navales P.Freire, S.A.*, se poidan establecer condicións especiais de subsidiariedade, e superar o límite de cinco anos no prazo de vixencia do aval
- Acordo polo que se autoriza o IGAPE para que, na concesión dun aval subsidiario a *Morbidell Galicia, S.L.*, se poidan establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o límite de cinco anos no prazo de vixencia do aval
- Acordo polo que se autoriza o IGAPE para conceder unha subvención superior a tres millóns de euros ao proxecto de investimento que realizará a sociedade *Entabán Biocombustible de Galicia S.A.* ao abeiro da Resolución do 11 de marzo de 2005 pola que se aproba a nova regulamentación das bases reguladoras das axudas do IGAPE a proxectos empresariais de investimento

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de cinco millóns oitocentos trinta e un mil cento sesenta e tres euros con vinte céntimos de euro (5.831.163,20 euros), para a obra acceso ao porto de Burela ao abeiro dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Ente Público Portos de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do protocolo entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia para a execución do enlace da estrada autonómica AG-51 coa autovía Rías Baixas (A-52)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Carballo para a ampliación da ponte da Casilla
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Porto do Son para a execución das obras de saneamento,

abastecemento e beirarrúas en Abuín e Cans, estrada Ac.550, p.k. 59+200 a 59+750 e 66+500 a 66+900

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Foz para a construción da 2ª fase da urbanización da rúa do Camiño Vello e dun tramo da rúa do Camiño de Folgueiras
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Viveiro para a reposición de firme e construción de beirarrúas na rúa Lavandeiras en Celeiro (Viveiro)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vilardevós para a mellora da estrada de acceso a Berrande en Vilardevós
- Acordo de aprobación definitiva do proxecto sectorial para ampliación do Centro de Atención Especial a Persoas con Parálise Cerebral. Concello de Sada. (Texto refundido setembro 2006), promovido pola Asociación ASPACE
- Acordo polo que se lle impón á empresa *FUN SOPHIA SHIPPING CO M.R*, e no seu defecto ao capitán do buque *NOVA BRETAGNE*, Sr. D. Sergey Gozhenko, S.L. e da maneira solidaria á empresa consignataria Consignaciones Luis Martinez, S.L. unha sanción de tres mil euros pola comisión dunha infracción administrativa moi grave tipificada no artigo 116.1.B. da Lei de portos do Estado e da mariña mercante

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e Unión Fenosa Distribución, S.A. para a mellora da subministración eléctrica no polígono de Penapurreira
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Santiago para o desenvolvemento da competitividade turística de Santiago de Compostela 2006-2007

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e o Concello do Carballiño para o desenvolvemento de programas de prevención de drogodependencias

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Baltar para a execución das obras de infraestrutura hidráulica. Abastecemento e saneamento en Meaus e Tosende. Baltar (Ourense), por importe de 350.000 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Laza para a execución das obras de mellora das infraestruturas hidráulicas na Comunidade Autónoma. Mellora de infraestruturas de abastecemento e saneamento de Laza (Ourense) por importe de 349.000 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello do Carballiño para a execución das obras de saneamento en pequenos núcleos de poboación. Colector de saneamento no Carballiño. Treito: O Barón-Uceira. O Carballiño (Ourense) por importe de 165.327,45 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello do Carballiño para a ampliación e mellora do centro de animais vagabundos ou abandonados, por importe de 100.000 euros

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para a subscrición de convenios de colaboración con diversas entidades, para o desenvolvemento de actividades de información e difusión do Eures-Transfronteirizo Norte de Portugal-Galicia
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para a subscrición dun convenio de colaboración coa Fundación Empresa Universidade Galega (Feuga), para a elaboración dun traballo de investigación e edición dun libro sobre o mundo do traballo

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura addenda ao convenio de colaboración entre o IGVS e a Universidade da Coruña asinado con data do 3 de abril de 2006 para a xestión urbanística e adquisición de terreos no Campus Universitario de Elviña, con destino a usos residenciais universitarios

A XUNTA SUSPENDE A VIXENCIA DAS NORMAS DE PLANEAMENTO DA ESTRADA E APROBA UNHA NORMATIVA URBANÍSTICA PROVISORIA

- ***Esta ordenación urbanística aplicarase de forma transitoria, mentres o Concello non conte cun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal***
- ***O proceso para a suspensión das Normas de Planeamento iniciouse o 4 de setembro ante a inseguridade xurídica que comportaba a súa aplicación***
- ***O Concello, por acordo unánime, pediulle á Xunta que adoptase as medidas pertinentes para evitar aplicar unhas normas que datan do ano 78***

O Consello da Xunta acordou esta mañá suspender a vixencia das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (NSPM) da Estrada, ao mesmo tempo que aprobou a ordenación urbanística provisoria que se aplicará neste concello mentres non entre en vigor o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Co decreto aprobado hoxe conclúe o proceso aberto o pasado 4 de setembro, data en que o *Diario Oficial de Galicia* publicou o acordo da Consellería de Política Territorial de iniciar o expediente para a suspensión das NSPM da Estrada.

O inicio do expediente levou parella a paralización do procedemento para outorgar licenzas de edificación, demolición e parcelamento de terreos, ata a entrada en vigor das normas urbanísticas provisionais aprobadas hoxe polo Consello da Xunta.

A CPTOPT tomou a decisión de poñer en marcha este proceso de suspensión despois de que o Concello da Estrada trasladase á consellería un acordo unánime de todos os grupos municipais en que se lle solicitaba a Consellería de Política Territorial que adoptase as medidas necesarias para evitar as consecuencias da aplicación das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, que datan do ano 1978.

Estas normas que agora quedan suspendidas non se adaptaban á lexislación urbanística vixente (é dicir, á Lei 9/2002), nin tampouco á lexislación básica do Estado. Entre as eivas máis salientables, as NSPM do ano 78 non distinguían entre solo urbano consolidado e non consolidado nin delimitaban os núcleos rurais tradicionais que existen no termo municipal, entre outros.

Á vista desta situación, a Consellería de Política Territorial considerou urxente proceder a unha revisión das actuais Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal da Estrada e establecer unha nova ordenación urbanística acorde cos principios de desenvolvemento territorial equilibrado e sustentable, adaptada integramente á lexislación vixente.

Neste sentido, desde a Dirección Xeral de Urbanismo mantivéronse unha serie de xuntanzas con representantes e técnicos municipais co fin de concretar e chegar a un acordo no contido das normas provisionais aprobadas hoxe polo Consello da Xunta e que entrarán en vigor nos vindeiros días, unha vez que saian publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Esta ordenación urbanística provisional ditada para o Concello da Estrada prevé, de xeito pormenorizado, as condicións de uso e edificación para solo urbano consolidado e non consolidado, para solo urbanizable, solo de núcleo rural e solo rústico especialmente protexido. Tamén se recollen as medidas para a protección do patrimonio xa construído e a ordenación de zonas verdes e espazos libres públicos, entre outros.

A XUNTA MELLORARÁ A SEGURIDADE VIARIA ENTRE OS TILOS E A RAMALLOSA CUN INVESTIMENTO DE 5,7 MILLÓNS DE EUROS

- ***A actuación suporá o alongamento da plataforma da estrada, a creación de glorietas, sendas laterais peonís e vías de servizo***
- ***Este é un dos 22 treitos de concentración de accidentes, nos que a Consellería de Política Territorial ten previstos actuar este ano***
- ***Tamén se aprobou a mellora do treito entre Cambre e Culleredo, a Consellería de Política Territorial dedicará 1,5 millóns de euros e permitirá conectar a AC-213 co parque empresarial de Alvedro***

O Consello da Xunta de hoxe declarou a utilidade pública do proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na AC-841, no treito entre Os Tilos e A Ramallosa, ao sur de Santiago de Compostela. Tamén dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto, que discorre entre os puntos quilométricos 1,400 e 8,060, no Concello de Teo.

A actuación, que acometerá a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, conta cun orzamento total de 5,7 millóns de euros, nos cales están incluídas as correspondentes expropiacións. A obra suporá o alongamento da plataforma da estrada, a creación de glorietas, sendas laterais peonís e vías de servizo. Terá unha sección transversal que irá dende os 10 metros ata os 17 ao establecer vías de servizo.

Este é un treito de concentración de accidentes (TCA), tramos dun quilómetro ou interseccións onde se produciron dez ou máis accidentes con vítimas nos últimos cinco anos e que cumpran uns requisitos adicionais que varían en función do tipo de vía. A Consellería de Política Territorial ten marcado o obxectivo de actuar este ano en 22 destes puntos, de xeito que, en catro anos, se intervirá na totalidade dos 86 TCA existentes a día de hoxe na rede autonómica. Ademais, no caso da AC-841 faise preciso reordenar as interseccións tras un desenvolvemento urbanístico da zona que xerou un forte incremento do tráfico que utiliza os vellos cruzamentos ou sae directamente á estrada.

Cambre-Culleredo

O Goberno galego decretou a utilidade pública do proxecto de construción da obra de mellora do trazado na estrada AC-213 nun treito de 420 metros entre os concellos de Cambre e Culleredo, ao sur da cidade da Coruña. O Consello da Xunta tamén dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto.

Así, hoxe deuse o visto e praxe ao proxecto de mellora do trazado da AC-213, entre Cambre e Culleredo. O investimento de 1,5 millóns de euros, no cal se inclúen as expropiacións, acometerao a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Esta actuación realizarase entre os puntos quilométricos 1,930 e 2,350 dunha estrada que pertence á rede secundaria da Xunta e coa que se lle dará solución á conexión da AC-213 co parque empresarial de Alvedro.



A obra afecta un treito interurbano onde existen algunhas edificacións de tipo residencial e industrial nas marxes ás cales se sumaron, nos últimos anos, as propias do parque empresarial. Por iso, construírase unha glorieta de 48 metros ademais dun ramal ao parque e unha nova estrutura que permita salvar o río Valiñas. Con estas melloras incidirase na seguridade viaria da zona.

O PLAN TERRITORIAL DE CONTINXENCIAS, APROBADO HOXE POLO CONSELLO DA XUNTA, PERMITIRÁ GARANTIR UNHA RESPOSTA INTEGRADA, COORDINADA E EFICAZ ANTE UNHA HIPOTÉTICA SITUACIÓN DE CONTAMINACIÓN MARIÑA

- *O plan establece por primeira vez un mando único que coordinará a disposición de medios, humanos e técnicos, e as actuacións dos distintos departamentos da Comunidade Autónoma e do Estado para loitar contra a contaminación mariña*
- *Ao abeiro deste Plan facilítase e axilízase a mobilización dos recursos dispoñibles para loitar contra este tipo de contaminación e establécense as bases para unha axeitada coordinación das operacións*
- *O Plan promove a formación axeitada para o persoal especializado e promove a realización periódica de exercicios e simulacros*
- *O obxectivo último deste Plan é reducir ao mínimo a contaminación que poida producirse na Comunidade Autónoma por mor dun accidente marítimo*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña de Galicia, que garantirá unha resposta integrada, en tempo real, coordinada e eficaz ante unha hipotética situación deste tipo na Comunidade Autónoma. Por vez primeira establécese a disposición dun plan integrado cun mando único coa participación de todos os órganos afectados no eido da comunidade e coordinado co Estado. O Plan funcionará baixo mandato do conselleiro de Presidencia e nel intégranse os departamentos autonómicos de Política Territorial, Medio Ambiente e Pesca.

O Plan é un paso máis dentro do obxectivo do goberno autónomo de que Galicia conte máis e mellores medios e mellor capacidade de reacción e coordinación para loitar contra posibles episodios de contaminación mariña.

O Plan aprobado hoxe polo Consello da Xunta promove unha maior coordinación dos diferentes medios para a loita contra a contaminación mariña accidental. A elaboración deste plan responde a un mandato legal do Executivo central que establece que todas as comunidades autónomas deben dotarse deste instrumento. Previamente á súa aprobación polo Goberno galego, o documento tivo que pasar polo pleno da Comisión Galega de Protección Civil, o pasado 9 de novembro, onde recibiu o visto e prace.

Medios humanos e materiais

Este Plan aprobado determina os medios humanos e materiais que serían necesarios, ante un accidente por contaminación mariña, para dar a resposta máis axeitada tendo en conta as particularidades das costas galegas. Ademais, establece os protocolos de actuación que deberán seguir os distintos departamentos da Xunta que teñen responsabilidades directas nos traballos de loita contra a contaminación e os cargos con funcións directas en caso de se producir unha crise deste tipo, sendo a Consellería de Presidencia a encargada de liderar as actuacións ao ter as competencias en materia de emerxencias.

Centro de Coordinación Operativa

Coa elaboración deste documento créase o CECOP, o Centro de Coordinación Operativa e órgano de dirección do plan, que funcionará baixo o mandato do conselleiro de Presidencia. No desempeño das súas funcións, o presidente do CECOP contará coa colaboración do Consello Asesor, integrado polos máximos responsables de Pesca, Medio Ambiente e Política Territorial. A maiores, no caso de que fose necesario uniríanse ao Centro de Coordinación os titulares de Innovación e Industria, Sanidade e Economía.

O Consello Asesor estará en permanente contacto coa Unidade de Apoio Técnico, que estará formada polas direccións xerais implicadas directamente na xestión da emerxencia así como por un equipo de científicos encargados de propoñer as estratexias máis axeitadas para combater a contaminación.

Por outra banda, crearase unha Unidade de Apoio Loxístico que dependerá da Consellería de Política Territorial; un Grupo Operativo de Protección Civil, dependente da Consellería de Presidencia; un Grupo Operativo de Resposta en Terra, liderado por membros da Consellería de Medio Ambiente; e un Grupo Operativo de Resposta no Mar, dirixido pola Consellería de Pesca. Este último operativo, do Servizo de Gardacostas de Galicia do departamento de Pesca conta con 141 axentes activos, dos cales 17 son inspectores. 17 subinspectores, 46 patróns e mecánicos e 61 vixilantes-mariñeiros.

Pola súa parte, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) e Meteogalicia estarán integrados no Plan Territorial como centros oficiais dependentes da Xunta de Galicia. En concreto, o Intecmar involúcrase a través de dúas unidades, a de Documentación e Apoio Científico e a de Observación Próxima.

Activación do Plan

Segundo establece o Plan Territorial, o protocolo que se seguirá ante un aviso de posible contaminación mariña sería o seguinte:

- Confirmación dos feitos
- Avaliación da situación
- Convocatoria do CECOP
- Activación do plan nos seus diferentes niveis de emerxencia
- Desactivación do plan

Finalmente, o plan presentado hoxe establece un programa de adestramentos e simulacros que terán como obxectivo mellorar a eficacia de resposta ante unha emerxencia. Nesta liña, o Plan territorial será sometido a revisión cada dous anos contados a partir da súa data de aprobación. O devandito plan poderá sufrir modificacións por proposta de calquera das consellerías implicadas ou como consecuencia dos avances tecnolóxicos que se produzan na loita contra a contaminación ou, tamén, debido a cambios legislativos que obriguén á súa modificación.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA RENOVA O CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE IRLANDA PARA PROMOVER O ENSINO DA LINGUA, A LITERATURA E A CULTURA GALEGAS

- ***O Centro de Estudos Galegos da institución académica con sede en Cork será o órgano de referencia para as actividades de proxección do galego***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Goberno galego e a Ollscoile na hÉireann, Corcaigh-National University of Ireland, Cork, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua e a cultura galegas.

Este convenio vén darlle continuidade á colaboración xa existente entre a Xunta, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a universidade irlandesa para manter a promoción académica do galego dentro dos seus plans de estudos. O convenio aprobado hoxe permanecerá vixente ata o 31 de agosto de 2007.

A actividade docente ofréceneselles aos alumnos das licenciaturas de Arte, Estudos Culturais e Lingüísticos, Estudos Europeos e Español. A universidade, a través do Centro de Estudos Galegos, comprométese a continuar ofrecendo estes estudos e a organizar actividades de investigación, promoción e difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tales como conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións, etc., tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

A profesora ou profesor bolseiro, que nomeará a Secretaría Xeral de Política Lingüística, será a persoa responsable de levar á práctica estas actividades. Farao baixo a dirección do responsable do Centro de Estudos Galegos, o profesor David Mackenzie, quen, dada a súa vinculación coa universidade, actuará como persoa de enlace entre esta e o departamento que dirixe Marisol López.

A Xunta de Galicia, a través de Política Lingüística, colaborará na realización das accións previstas cunha contribución económica de 19.482,34 euros, destinados á bolsa do profesora ou profesor bolseiro e a sufragar os gastos necesarios para organizar as actividades previstas.

O GOBERNO GALEGO COLABORARÁ COA PROVINCIA ECUATORIANA DE MANABÍ NO FORTALECIMENTO DO SEU SECTOR PESQUEIRO ARTESANAL

- *Paralelamente, cooperarase na elaboración dun Plan de Desenvolvemento Local Sustentable para esta provincia de Ecuador*
- *Cooperación Exterior achegará 90.000 euros para a estas actuacións*

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, colaborará coa provincia ecuatoriana de Manabí na realización dun proxecto de fortalecemento do sector pesqueiro artesanal na zona e na elaboración dun Plan de Desenvolvemento Local Sustentable que se aplicará nesta provincia. Con esta finalidade, a Xunta de Galicia achegará un total de 90.000 euros. O Consello da Xunta deu, na súa reunión deste xoves, o seu visto e prace á sinatura dun convenio de colaboración entre o Goberno galego e a Axencia de Desenvolvemento da Provincia de Manabí para o cumprimento destes obxectivos.

Dentro do I Plan Director de Cooperación Galega 2006-2009, da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, maniféstase o interese da Administración autonómica galega por apoiar actuacións de cooperación en materia de desenvolvemento rural naqueles países considerados prioritarios para a Cooperación galega, como é o caso de Ecuador.

Pola súa banda, a Axencia de Desenvolvemento da Provincia de Manabí ten como finalidade a promoción do desenvolvemento económico en beneficio das comunidades da provincia. A Xunta considera de interese colaborar con esta axencia porque considera que as accións de cooperación deben ser canalizadas por medio de entidades que coñezan o terreo en que operan e que dispoñan dunha infraestrutura operativa mínima para garantir o éxito das accións.

Capacitación, pesca responsable e seguridade

A través deste acordo de colaboración realizarase un diagnóstico das necesidades de capacitación e asistencia técnica ás organizacións pesqueiras locais, en base ao cal se realizará un Programa de Extensión Pesqueira do Peixe co gallo de reforzar as cooperativas pesqueiras artesanais da provincia de Manabí achegándolles formación e asesoramento in situ. Así mesmo, procurarase acadar unha mellora nas técnicas de manipulación, almacenamento e procesamento do peixe de cara á implantación dunha pesca responsable e o incremento da seguridade no mar. Paralelamente, deseñarase e porase en marcha un programa de formación acuícola para as comunidades asentadas no esteiro do Río Chone, nesta mesma zona.

A Xunta de Galicia, no exercicio das súas competencias en materia de cooperación exterior, vén executando proxectos e programas en países cun baixo índice de desenvolvemento humano por medio de instrumentos de cooperación técnica e económica en colaboración con outros entes públicos e privados. Deste xeito, desde a Dirección Xeral de Cooperación Exterior estanse a executar diversos proxectos de



cooperación para o desenvolvemento en materia pesqueira en países de Centroamérica e Iberoamérica.

O IGAPE APOIARÁ A *ENTABÁN BIOCOMBUSTIBLES* PARA IMPULSAR UN INVESTIMENTO DE 30 MILLÓNS DE EUROS EN FERROLTERRA

- ***O Instituto concederá unha subvención de 4,49 millóns de euros a fondo perdido***
- ***Este proxecto servirá para crear un mínimo de 19 empregos indefinidos e terá un importante efecto dinamizador sobre a economía da zona***
- ***A realización do proxecto de Entabán representa a creación da primeira gran planta de produción de biodiésel na Comunidade Autónoma***

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar o Igape para proceder á concesión dunha subvención a fondo perdido cifrada en 4,49 millóns de euros e destinada a apoiar o proxecto de investimento promovido por *Entabán Biocombustibles de Galicia, S.A.* O investimento promovido por esta sociedade, que prevé implantarse en Ferrol e crear un mínimo de 19 novos empregos de carácter indefinido, ascende a 29,93 millóns de euros.

O proxecto terá un importante efecto dinamizador sobre a economía da zona, dado que para a súa construción e para o continuo funcionamento da súa actividade necesitará de diversidade de empresas auxiliares e de servizos, provocando o xurdimento de novas iniciativas empresariais, así como o desenvolvemento e consolidación doutras xa existentes, coa conseguinte creación de novos postos de traballo.

Ao abeiro das bases reguladoras das axudas para proxectos empresariais de investimento, a sociedade citada presentou unha solicitude de subvención para acometer a realización dun proxecto de investimento consistente no establecemento dunha planta de produción de biodiesel a partir de aceites vexetais. A sociedade Entabán Biocombustibles ten como obxecto social a importación, exportación, comercialización, reciclaxe, extracción, venda e distribución maior e menor de aceites minerais, vexetais e animais para a transformación e produción de biocombustibles, biodiésel e subprodutos deles como glicerina, produtos químicos, pensos e fertilizantes.

De acordo coa normativa legal de aplicación, a aprobación do apoio previsto polo Igape require a autorización previa do Consello da Xunta, dado o carácter excepcional do proxecto e ao establecer a concesión dunha subvención a fondo perdido que excede de tres millóns de euros.

Primeira planta de biodiésel

No sector de biocombustibles, Galicia conta cunha planta de produción de bioetanol no concello de Curtis, propiedade do grupo industrial Abengoa. A realización do proxecto de Entabán representa a creación da primeira gran planta de produción de biodiésel na Comunidade Autónoma e suporá a posibilidade de promover e potenciar un sector como o de produción de biocombustibles que, tendo en conta os obxectivos fixados pola Unión Europea, se pode converter nun sector estratéxico para o desenvolvemento e consolidación do tecido industrial galego, para reducir a dependencia enerxética do petróleo, para diminuír as emisións de gases efecto invernadoiro e, en definitiva, para contribuír á mellora económica e social de Galicia.

Estímase que o transporte na Unión Europea é o responsable do 21% das emisións de gases de efecto invernadoiro que producen o quecemento global do planeta. Para cumprir cos obxectivos de redución desas emisións aprobados polo Protocolo de Kioto, é necesario buscar solucións e adoptar medidas para diminuír as emisións orixinadas polo transporte.

Apoio da UE ao sector

Por isto, a Unión Europea decidiu apoiar a utilización de biocarburantes que, ademais de favorecer a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, permitirá reducir a dependencia con respecto ao petróleo e ofrecerá a posibilidade de diversificar a actividade agrícola e o emprego no ámbito rural. A Comisión Europea insta aos Estados membros e as súas rexións para que, cando preparen os seus marcos estratéxicos nacionais de referencia e os seus programas operativos, teñan en conta integramente as vantaxes potenciais dos biocarburantes.

No ámbito español, o 26 de agosto de 2005 foi aprobado por acordo do Consello de Ministros o Plan de Enerxías Renovables para o período 2005-2010, no cal se establece como obxectivo para o ano 2010 que o consumo de biocombustibles represente o 5,83% do consumo total de carburantes para o sector transporte. No de mercado de biocombustibles español só se recoñecen legalmente como biocarburantes o bioetanol e o biodiésel.

Avais a Freire e Morbidell Galicia

Por outra banda, o Consello da Xunta autorizou a concesión polo Igape de cadanseu aval ás empresas Construcións Navais P. Freire, S.A. e Morbidell Galicia, S.L. As operacións estarán destinadas a garantir o 70% dos prestamos a conceder por entidades financeiras para o desenvolvemento dos respectivos plans de viabilidade e consolidación das mencionadas sociedades.

A XUNTA FAVORECERÁ A INCORPORACIÓN DOS PROFESORES DA SAÚDE Á DOCENCIA UNIVERSITARIA

- ***Isto contribuirá ao mantemento da cualificación dos profesionais da saúde nun nivel alto, coidando da súa actualización e reciclaxe***
- ***Este acordo enmárcase nos concertos asinados coas tres universidades para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitarias***

O Consello da Xunta acordou hoxe a autorización da superación dos límites retributivos – previstos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas- ao persoal sanitario das institucións do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) para desempeñar postos de profesor asociado de Ciencias da Saúde.

Este acordo enmárcase nos concertos asinados coas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitarias. Segundo establece o Real decreto 1558/1986 do 28 de xuño, polo que se establecen as bases xerais do réxime de concertos entre as universidades e as institucións sanitarias, as prazas de profesor asociado de Ciencias da Saúde do cadro de persoal das universidades teñen que cubrirse obrigatoriamente por persoal das institucións dependentes do SERGAS.

A superación dos límites retributivos establecidos na Lei de incompatibilidades para estes profesionais prodúcese fundamentalmente, aínda que non de maneira exclusiva, naqueles casos en que desempeñaban postos asistenciais de xefes de servizo ou xefes de sección, que pola experiencia clínica desenvolvida acadan as máximas categorías laborais e suman complementos vinculados á carreira profesional. Precisamente este feito constitúe un mérito para acadar unha praza de profesor asociado de ciencias da saúde, segundo se reflicte nos baremos establecidos para iso, nos cales ten unha especial significación a experiencia asistencial relacionada coa praza obxecto de concurso. A razón disto é que a docencia clínica, tanto no plano académico como organizativo, vese máis favorecida cando máis experiencia acumulada teñan os profesionais sanitarios que desempeñan estas prazas.

Cómpre, por tanto, a superación dos límites retributivos ao fin de evitar unha grave alteración da docencia clínica nas titulacións de ciencias da saúde, que podería chegar mesmo a facela inviable. Así mesmo, isto contribuirá ao mantemento da cualificación dos profesionais da saúde nun nivel alto, coidando da súa actualización e reciclaxe e favorecendo a súa incorporación á docencia universitaria. Porén, cómpre subliñar que os servizos prestados como profesor asociado non se computarán para efectos de trienios nin de dereitos pasivos, podendo suspenderse a cotización para este último efecto. Asemade, as pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, só poderán percibirse por un dos postos.

A XUNTA ACHEGARÁ 4.896.000 EUROS PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS HELICÓPTEROS DO 112 GALICIA NO PRÓXIMO BIENIO

- *Esta achega, con cargo aos orzamentos de 2006, garantirá o servizo para 2007- 2008*
- *Os aparellos deberán estar preparados para prestar atención sanitaria así como realizar voos de Protección Civil*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto, con cargo aos orzamentos de 2006, para a contratación da prestación do servizo de dous helicópteros do servizo de emerxencias 112 Galicia. O importe do dito contrato ascende a 4.896.000 euros, desagregado en dúas anualidades: para o ano 2007, 2.400.000 euros, e para o ano 2008, 2.496.000 euros.

Deste xeito, grazas a estes dous helicópteros medicalizados, integrados no Servizo SOS-GALICIA, o Goberno comprométese a garantir unha rápida resposta a calquera petición de axuda demandada polos cidadáns ou organismos públicos ou privados sitos no ámbito competencial de Galicia, tal e como acontece de xeito continuado dende 1990 cando se procedeu á posta en marcha deste servizo.

Funcións e equipamento

Os helicópteros 112 Galicia estarán destinados a realizar distintas misións: salvamento en situacións de emerxencia; apoio na busca, localización e rescate de persoas; apoio táctico aéreo en situacións de emerxencia; voos de vixilancia e recoñecemento en operativos de Protección Civil; participación en simulacros deste servizo; atención a urxencias sanitarias no lugar do accidente, traslado dos accidentados e traslados interhospitalarios; apoio na vixilancia de incendios e na seguridade cidadá.

Deste xeito, estas dúas unidades aéreas deberán estar dotadas e equipadas para que poidan prestar atención sanitaria así como realizar voos de Protección Civil. Igualmente deberán estar preparadas para aterrizar en calquera punto do territorio galego como en espazos de terreo pequenos ou cunha orografía difícil. Ademais, a empresa licitadora deberá ter preparado un terceiro helicóptero de iguais ou mellores características para realizar asistencia sanitaria no caso de que unha avaría deixe un dos aparellos no operativo durante máis de 24 horas, computables entre o orto e o ocaso. O documento de autorización de gasto aprobado hoxe polo Consello especifica os requirimentos técnicos que deberán cumprir para levar a cabo as súas funcións.

Zona de actuación e horario

Estes transportes terán a súa base nos termos municipais de Santiago e de Ourense. Sobre a súa zona de actuación, o texto indica que deberán levar a cabo as súas misións no ámbito da competencia da Comunidade Autónoma, aínda que cando sexa requirido e logo de autorización da autoridade competente en Protección Civil poderán desprazarse fóra do territorio galego e, incluso, do territorio español.



O horario en que deberán estar operativos, sempre que a situación meteorolóxica o permita, será de orto a ocaso aínda que tanto a base como o persoal de voo deberán estar operativos 10 minutos antes do horario de inicio do servizo. En canto ao tempo para estar en voo, establécese que non será superior a 10 minutos, contados dende o momento en que foi requirida a actuación polo Centro de Emerxencias 112 Galicia.

Persoal

A empresa licitadora incluírá na súa oferta unha lista do persoal de voo dispoñible para cada helicóptero: dous comandantes e dous copilotos por helicóptero, se a xornada é inferior a 12 horas, e tres comandantes e tres copilotos cando supere as 12 horas. A tripulación deberá estar debidamente capacitada e ter as cualificacións e licenzas necesarias. Así mesmo, deberá achegar unha lista do persoal de mantemento dispoñible cun mínimo dun mecánico para cada aparello, e un analista de información e comunicación con coñecemento de inglés, francés alemán e outras linguas comunitarias e de informática.

Os comandantes e os técnicos asinados aos helicópteros deberán ter residencia fixa na Comunidade Autónoma. O idioma de entendemento deberá ser o galego e/ou castelán.

Rotulación e uniforme

Os helicópteros 112-Galicia levarán en lugares visibles os distintivos, rótulos e emblemas que determine a autoridade competente en materia de Protección Civil. O adxudicatario pintará os aparellos coas cores e o deseño que se determine.

Igualmente, cando as autoridades competentes o coiden oportuno, os uniformes deberán levar durante o tempo de servizo os emblemas e identificacións que determine a normativa vixente en relación ao sector aeronáutico.

GOBERNO CENTRAL E AUTONÓMICO COLABORARÁN NA EXECUCIÓN DO ENLACE ENTRE A PLATAFORMA LOXÍSTICA SALVATERRA-AS NEVES E A AUTOVÍA DAS RÍAS BAIXAS

- ***O protocolo de colaboración establece que a Xunta redactará o proxecto de trazado e construción da nova vía (denominada AG-51 e de titularidade autonómica) no cal se incluírá tamén o nó de enlace coa A-52 (autovía de titularidade estatal)***
- ***O Ministerio de Fomento financiará a totalidade do custo de execución do enlace coa A-52***
- ***O protocolo autorizado hoxe pola Xunta deberá concretarse nun posterior convenio co Ministerio de Fomento no cal se detallarán as achegas económicas concretas***
- ***Esta actuación vén salientar a importancia que para a Xunta ten a PLISAN como unha dotación económico-territorial fundamental na articulación da economía rexional***

O Consello da Xunta de hoxe autorizou o texto dun protocolo entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento para a execución do enlace entre a estrada autonómica AG-51, que dará acceso á Plataforma Loxística Salvaterra-As Neves, PLISAN, e a Autovía das Rías Baixas (A-52).

Esta actuación vén salientar a importancia que para a Xunta ten a PLISAN como unha dotación económico-territorial fundamental na articulación da economía rexional que permitirá un incremento da eficacia e a competitividade a través dunha oferta empresarial, de infraestruturas e servizos loxísticos e de transporte de mercadorías altamente competitivos. Polo tanto, a conectividade terrestre dese emprazamento, por medio de redes viarias e de ferrocarril, resulta unha peza fundamental para a funcionalidade e operatividade da plataforma.

Na actualidade existe un estudo informativo e de impacto ambiental redactado pola Autoridade Portuaria de Vigo sobre a vía que dará acceso á Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra-As Neves á Autovía das Rías Baixas (A-52). Nese estudo analízanse seis solucións con características de autovía e con lonxitudes que oscilan entre os 4,5 e os 7 quilómetros nas cales se definen tres posibles puntos de enlace coa autovía A-52 titularidade do Ministerio de Fomento. Agora, a Xunta, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, completará e actualizará o dito estudo tendo en conta tanto a normativa ambiental como a interrelación coa autovía entre Pontevedra e a A-52, que se realizará nese mesmo ámbito territorial.

Segundo o texto do protocolo aprobado polo Consello, a Xunta redactará ese proxecto de trazado e construción da nova vía (denominada AG-51 e de titularidade autonómica) no cal se incluírá tamén o nó de enlace coa A-52 (autovía de titularidade estatal), definindo de forma diferenciada o custo da súa execución.



Pola súa banda, o Ministerio de Fomento financiará a totalidade do custo de execución do enlace coa A-52 que determine o proxecto elaborado pola CPTOPT. O enlace así construído pasará a formar parte da A-52, polo que a súa conservación, explotación e mantemento será asumida polo Ministerio de Fomento, titular da Autovía das Rías Baixas.

O protocolo autorizado hoxe pola Xunta deberá concretarse nun posterior convenio co Ministerio de Fomento no cal se detallarán as achegas económicas concretas.

POLÍTICA TERRITORIAL DESTINA 5,8 MILLÓNS Á CONSTRUCCIÓN DO NOVO ACCESO AO PORTO DE BURELA

- ***Este novo acceso posibilitará que se deixe de acceder ao porto polo centro do núcleo urbano, o que supoñía molestias tanto para os usuarios do porto como para os cidadáns de Burela***

O Consello da Xunta de hoxe autorizou o gasto, por unha contía de 5.831.163,20 euros, para acometer o acceso ao porto de Burela. O investimento correrá a cargo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e do ente público Portos de Galicia, adscrito á propia Consellería.

Segundo o acordo do Consello, Portos de Galicia achegará un millón de euros con cargo á anualidade de 2006, mentres que para a anualidade de 2007 Política Territorial achegará 2.915.581,60 e o ente público 1.915.581,60 euros.

O porto de Burela é un dos de maior volume de operacións dentro dos portos de competencia autonómica. Durante os últimos anos fixéronse diferentes ampliacións dos seus puntos de atracada e unha nova lonxa, pero o acceso á zona portuaria continúa a realizarse polo centro do núcleo urbano, coas molestias e perigosidade que iso supón tanto para os usuarios do porto como para o resto dos cidadáns de Burela.

Por iso, este novo acceso cunha lonxitude de 1.290 metros desde o sur da vila e que pasa sobre as vías do FEVE, permitirá arranxar este problema.

A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DESTINARÁ MÁIS DE 600.000 EUROS PARA FINANCIAR A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DE ACCESO A BERRANDE, EN VILARDEVÓS (OURENSE)

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o concello ourensán de Vilardevós para a mellora da estrada de acceso á localidade de Berrande.

A CPTOPT financiará cun total de 612.109 euros esta actuación que consistirá no alongamento da plataforma en diversos tramos e na mellora das características do trazado e do pavimento ao longo de todo o percorrido.

As obras de acondicionamento tamén inclúen o redeseño de dúas interseccións, a primeira delas no entroncamento da estrada autonómica OU-310 coa vía que se dirixe a Berrande e a segunda no cruzamento desta última estrada coa que se dirixe ao núcleo de Moialde. A nova configuración destas dúas interseccións contribuirá a incrementar os niveis de seguridade das mencionadas infraestruturas.

A necesidade desta actuación vén determinada porque o núcleo de Berrande está a rexistrar unha incipiente actividade industrial que se plasma nunha cada vez maior afluencia de vehículos pesados dende a OU-310 ata a localidade.

Segundo o convenio autorizado hoxe e que será asinado proximamente, o Concello elaborará o proxecto técnico de obra, que deberá aprobar a Consellería de Política Territorial. A contratación e execución das obras tamén correrán a cargo do Goberno municipal que, unha vez rematada a actuación, se fará responsable da explotación, do mantemento e da conservación deste acceso.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 845.000 EUROS NA URBANIZACIÓN DE RÚAS NOS CONCELLOS LUGUESES DE VIVEIRO E FOZ

- ***As obras en Foz teñen un custo de 574.000 euros mentres que as de Viveiro contarán cun orzamento de 271.000 euros***

O Consello da Xunta de hoxe aprobou hoxe a sinatura de cadaseu convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e os concellos lugueses de Viveiro e Foz para realizar obras de urbanización e construción de beirarrúas en tres vías deste municipio, que teñen un custo total de 845.000 euros.

A actuación supón a construción da segunda fase da urbanización do Camiño Vello e dun tramo do Camiño de Folgueiras. A primeira rúa, con 600 metros de longo, une o acceso a Foz coa baixada ao porto, polo que se converte nunha alternativa para acceder ao peirao. No segundo caso, o treito de 178 metros que se vai executar dá continuidade á primeira rúa.

Para a realización destas obras acordouse un orzamento de 574.466,56 euros que se desembolsará en dous pagamentos diferentes. O primeiro corresponde á anualidade do 2006 cunha contía de 114.893,31 euros, mentres o segundo se efectuará no ano 2007 cun desembolso de 459.573,25 euros.

O Concello de Foz comprométese a pór á disposición da CPTOPT os terreos necesarios así como a realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións necesarias. A actuación responde a un dos obxectivos da Xunta de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, contribuíndo a unha maior calidade de vida dos seus cidadáns.

Urbanización dunha rúa en Viveiro

Por outra banda, o Consello da Xunta de hoxe aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre Política Territorial e o Concello de Viveiro para realizar obras de urbanización e construción de beirarrúas nunha vía deste municipio.

A actuación sitúase na vila de Celeiro. Alí, na rúa Lavandeiras, acometerase a reposición do firme en toda a superficie da vía, a construción de beirarrúas e a instalación do mobiliario urbano necesario para cubrir os servizos existentes. Ademais, esta colaboración co Concello de Viveiro realizarase de forma coordinada coa Consellería de Medio Ambiente, que vai mellorar as infraestruturas hidráulicas da mesma rúa Lavandeiras.

Neste caso, o orzamento que achega Política Territorial é de 271.063,10 euros, repartidos en dous pagamento de 54.212,62 euros na anualidade de 2006 e 216.850,48 euros na anualidade de 2007. O concello, pola súa banda, para os terreos e os permisos necesarios.



A actuación responde a un dos obxectivos da Xunta de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, achegando unha maior calidade de vida aos seus cidadáns.

A XUNTA FINANCIA CON 528.000 EUROS DIFERENTES OBRAS NOS MUNICIPIOS CORUÑESES DE CARBALLO E PORTO DO SON

- ***Política Territorial achegará 175.000 euros para a ampliación da ponte da Casilla, en Carballo***
- ***Este mesmo departamento do Goberno autonómico financiará con 353.000 euros obras de saneamento e construción de beirarrúas no acceso ás parroquias de Abuín e Cans, en Porto do Son***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de cadanseu convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial e os municipios coruñeses de Carballo e Porto do Son para a construción de diferentes obras nestes dous concellos. Así, Política Territorial financiará con 175.000 euros as obras de ampliación da ponte da Casilla mentres que achegará 353.000 euros para dotar de saneamento e beirarrúas o acceso ás parroquias de Abuín e Cans, en Porto do Son.

En Carballo, a Xunta achega o orzamento necesario para a ampliación da ponte mentres que será o Concello o encargado de executar as obras que consisten, principalmente, na ampliación do largo das beirarrúas no tramo situado sobre o río Anllóns, respectando a baixada á zona fluvial mediante unha escaleira por unha marxe e unha rampla pola outra das marxes co fin de facilitar o acceso de persoas con discapacidade.

Así mesmo, o treito sobre o río dotarase de iluminación e colocarse unha varanda idéntica á xa existente na marxe oposta á ponte.

Con esta actuación arranxaranse as deficiencias que na actualidade ten a ponte da Casilla, que se caracteriza por dispor dunhas beirarrúas moi estreitas na súa marxe esquerda en dirección a Fisterra.

Segundo o convenio autorizado hoxe e que será asinado proximamente, o Concello elaborará o proxecto técnico de obra, que deberá aprobar a Consellería de Política Territorial. A contratación e execución das obras tamén correrán a cargo do Goberno municipal que, unha vez rematada a actuación, se fará responsable da explotación, do mantemento e da conservación da ponte da Casilla.

Obras en Carballo

Por outra banda, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes financiará con algo máis de 353.000 euros as obras de saneamento, recollida de pluviais e dotación de beirarrúas no treito da estrada AC-550 que dá acceso ás parroquias de Abuín e Cans. As obras serán financiadas con cargo a unha partida específica para este tipo de actuacións que posúe a Dirección Xeral de Obras Públicas.

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Política Territorial e o Concello de Porto do Son para levar a cabo esta actuación, que se enmarca



dentro das liñas da consellería de fomento de investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas e na prestación de servizos aos cidadáns.

As obras realizaranse nun tramo da AC-550 que, tras unha modificación do seu trazado, cumpre unha función de vía urbana utilizada unicamente como acceso ás vivendas colindantes do lugar. Esta estrada, ao seu paso polas parroquias de Abuín e Cans carece de beirarrúas e recollida de augas pluviais en ambas as marxes.

O estado actual do firme da estrada atópase deteriorado, polo que, ademais da dotación de beirarrúas e reposición dos servizos, é necesario reparar a calzada dotándoa de áreas de aparcamento para normalizar o tránsito de peóns e vehículos, o que tamén contribuirá a incrementar a seguridade viaria da zona.

A XUNTA APROBA A AMPLIACIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN ESPECIAL A PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL DE SADA

O Consello da Xunta aprobou hoxe de xeito definitivo o proxecto sectorial para a ampliación do Centro de Atención Especial a Persoas con Parálise Cerebral que a Asociación de Pais de Persoas con Parálise Cerebral, ASPACE, xestiona en Sada.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes propuxo ante o Consello da Xunta a aprobación deste proxecto sectorial que implica un cambio na cualificación urbanística da parcela afectada, que queda clasificada como solo urbanizable. A aprobación deste proxecto sectorial permite a ampliación das instalacións coas que xa conta a asociación na parroquia de Osedo polo que, deste xeito, poderán dar resposta á demanda de prazas existentes no centro.

O Consello da Xunta xa declarara o pasado mes de xullo a incidencia supramunicipal deste proxecto que conta con informes favorables da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza e coa declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente.

SANCIONADO UN BARCO CON BANDEIRA DE BAHAMAS POR PROVOCAR UNHA VERTEDEURA NO PORTO DA POBRA DO CARAMIÑAL

O Consello da Xunta acordou hoxe imporlle unha multa de 3.000 euros á empresa *Fun Sophia Shipping Co M.R.*, e no seu defecto ao capitán do buque *Nova Bretagne*, con bandeira de Bahamas, por provocar un vertedura no porto da Pobra de Caramiñal. Aínda que a vertedura non era de carácter contaminante nin provocaba danos aos recursos marítimos, este feito está tipificado como unha infracción administrativa moi grave pola Lei de portos do Estado e da mariña mercante (LPEMM).

O expediente administrativo foi tramitado polo ente público Portos de Galicia, dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Este expediente incorporaba un informe da Garda Civil coas fotografías da vertedura e do barco.

O barco provocou unha mancha de espuma e gasóleo duns 20 metros cadrados de superficie que, segundo a versión do capitán do buque, era froito da limpeza do tanque de frío que se realizou cun deterxente biodegradable.

Contra este acordo do Consello da Xunta cabe interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA E O CONCELLO DE SANTIAGO IMPULSARÁN A CALIDADE E COMPETITIVIDADE TURÍSTICA DE COMPOSTELA

- ***A través dun convenio cuxa sinatura autorizou hoxe o Consello, cunha dotación orzamentaria de 1.100.000 euros para o que resta de ano e o 2007***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Santiago para o desenvolvemento do Plan de competitividade turística da capital galega no período 2006-2007.

Segundo este acordo, o Goberno galego e o Concello compostelán comprométense a achegar un total de 1.100.000 euros nos exercicios 2006 e 2007, para levar a cabo diversas iniciativas contidas neste Plan de Competitividad. A Consellería de Innovación e Industria achegará 262.000 euros e o Concello de Santiago os restantes 838.000 euros do orzamento total.

O plano de competitividade turística de Santiago estrutúrase a través de diversos programas en materia de infraestrutura de mercadotenia, por un lado, e de instrumentos e produtos específicos, por outro.

En infraestrutura de mercadotenia establécese a mellora dos servizos de información turística e atención aos visitantes, cunha axeitada rede de oficinas, persoal cualificado nos recursos turísticos da cidade, na fala fluída de distintas linguas e unha boa documentación en distintos soportes para a súa consulta. Outro programa aborda a implantación do Sistema Integral de Calidade de Destino Turístico, no que Compostela é un destino piloto. Este sistema busca implantar a cultura da calidade e a filosofía da mellora continua na xestión do destino en todos os subsectores, tanto turístico como non turísticos pero que se interrelacionan co visitante dende o momento da súa chegada ata a súa partida.

No que atinxe aos instrumentos e produtos, esta área agrupa programas de estruturación e desenvolvemento de produtos turísticos considerados de especial relevancia, que deben actuar como “motores” no proceso de renovación da oferta da cidade. Aquí, un dos programas que se impulsarán define accións concretas para diversificar a imaxe da cidade a través da segmentación de produtos (turismo cultural, relixioso, educativo e idiomático, de natureza...), o desenvolvemento de produtos e servizos turísticos e a posta en valor de novas rutas turísticas. Os restantes programas desenvolven ámbitos como o Santiago de Compostela *Convention Bureau* (turismo de congresos), a campaña de desestacionalización Compostela Fin de Semana, o Compostela *Film Comission* (oficina de promoción audiovisual da cidade) e o transporte turístico Compostela Visión, entre outros.

INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGA 300.000 EUROS PARA A MELLORA DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA NO POLÍGONO DE PENAPURREIRA, NAS PONTES GARCÍA RODRÍGUEZ

- ***A Consellería asinará un convenio de colaboración con Unión Fenosa para realizar as actuacións necesarias***

O Consello da Xunta tamén autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a empresa Unión Fenosa Distribución S.A. que permitirá o desenvolvemento de distintas actuacións necesarias para a mellora da subministración, no polígono industrial de Penapurreira, no concello das Pontes.

Unión Fenosa, titular da liña eléctrica que abastece o polígono, porá en marcha unha liña de media tensión de alimentación de 20 kw, con orixe na subestación da Mourela e final no propio polígono, cunha lonxitude en aéreo de 5.233 metros e de 2.372 metros de liña en subterráneo. O orzamento global das actuacións elévase a 620.904,04 euros, dos cales a Consellería de Innovación e Industria achegará 300.000 euros.

O obxectivo perseguido polo departamento autonómico a través deste convenio é levar a cabo tanto a mellora das instalacións de subministración eléctrica, como atender á futura demanda de subministración debido ao remate do parque empresarial de Penapurreira.

O SERGAS INVISTE 12.400 EUROS EN PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS NO CARBALLIÑO

- ***O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello do Carballiño***
- ***Neste ano 2006 foron aprobados xa 38 convenios que abranguen actuacións nun total de 107 concellos de Galicia***

O Servizo Galego de Saúde investirá 12.400 euros para o desenvolvemento e impulso de programas de prevención de consumo de drogas no concello do Carballiño. Distribuiranse en dúas anualidades, 4.400 no ano 2006 e 8.000 euros no 2007. O convenio entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o propio Concello do Carballiño, na provincia de Ourense, foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia.

O novo Plan de Galicia sobre Drogas 2006-2009 xa establece como área prioritaria a prevención e recolle os ámbitos de actuacións, accións e programas para o cumprimento dos obxectivos relacionados con ela, con indicadores de avaliación, con recursos e coa tipoloxía de programas.

Neste senso, as actividades preventivas engloban os ámbitos da información-sensibilización, o educativo, o familiar, o xuvenil, e o laboral e comunitario. Os convenios cos concellos, como o que hoxe se autoriza, concretan estas actuacións.

Neste ano 2006, xa foron aprobados polo Consello da Xunta 38 convenios de colaboración de similares características que abranguen actuacións de loita contra as drogas nun total de 107 concellos de Galicia.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 699.000 EUROS NA MELLORA DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN LAZA E BALTAR (OURENSE)

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 699.000 euros na mellora do abastecemento e saneamento no Concello de Laza e nos núcleos de Meaus e Tosende, no concello de Baltar, ambos na provincia de Ourense.

O Consello da Xunta aprobou hoxe os proxectos para acometer as dúas obras, que estarán financiadas ao 100% pola Consellería de Medio Ambiente.

Os traballos consistirán no saneamento e abastecemento en Laza, por un importe de 349.000, con cargo aos orzamentos de 2007; e o abastecemento e saneamento en Meaus e Tosende, no municipio de Baltar, cun orzamento de 350.000 euros, dos que 300.000 euros corresponden aos orzamentos do 2007 e 50.000 euros aos de 2008.

O proxecto de saneamento e abastecemento en Laza conta cun prazo de execución de tres meses e consistirá na renovación das distintas redes de auga nas rúas da Picota, Cerdeiriña e José Alonso Obregón, ademais da reposición dos pavimentos afectados, tendo en conta o paso do camiño da Prata por esta zona.

Nos núcleos de Meaus e Tosende, no concello de Baltar, as obras teñen un prazo de execución de doce meses e consistirán na instalación dunha rede de recollida de augas residuais que se canalizarán ata un equipo xa existente para a súa depuración, xunto coa renovación da rede de distribución de abastecemento de auga potable, que é moi antiga e está moi deteriorada.

Ao mesmo tempo construírse un novo depósito regulador con capacidade para 100 metros cúbicos en cada un dos núcleos, xa que os depósitos actuais non reteñen máis do 20% da achega da condución procedente dos mananciais, o que constitúe un problema nos meses de verán dado o incremento de poboación que se produce pola proximidade de zonas de interese turístico como a serra do Xurés, o río Salas e a comarca de Xinzo da Limia.

A XUNTA APROBA A AMPLIACIÓN DA CANCEIRA E A CONSTRUCCIÓN DUN COLECTOR DE SANEAMENTO NO CARBALLIÑO (OURENSE)

- ***A execución de ambos os proxectos suporá un investimento de arredor de 270.000 euros por parte do departamento autonómico***

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe a dous proxectos no Concello do Carballiño (Ourense) que teñen por obxecto construír unha rede de saneamento e completar a ampliación do centro de animais vagabundos e abandonados que se está a acometer neste momento. Ambas as actuacións supoñen un investimento duns 270.000 euros por parte do departamento que dirixe Manuel Vázquez.

A obra de mellora das infraestruturas hidráulicas consistirá na creación dunha conducción de saneamento desde o matadoiro do Carballiño ata a rede de colectores de sumidoiros do polígono industrial. O proxecto conta cun orzamento de 165.327,45 euros e un prazo de execución de seis meses.

Así mesmo, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ratificou tamén a ampliación da mellora do centro de animais vagabundos e abandonados do Carballiño que se está a executar actualmente. O proxecto, aprobado este mesmo ano, contaba cun orzamento inicial de 150.000 euros, que agora se ve incrementado con 100.000 euros co obxecto de aumentar a capacidade das instalacións do centro. Deste xeito, o custo total das actuacións, promovidas pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, ascenderá a 250.000 euros. O proxecto de mellora permitirá dar resposta ao elevado número de animais de compañía que recolle e mantén a canceira.

A CONSELLERÍA DE TRABALLO DISTRIBUIRÁ CASE 120.000 EUROS NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E DIFUSIÓN DO EURES TRANSFRONTEIRIZO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

- *A Consellería asinará convenios de colaboración cos nove socios do Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal co obxectivo de dar resposta ás necesidades de información relativa á mobilidade fronteiriza de traballadores e empresarios*
- *Estes convenios, de carácter plurianual, dedicaranse a actividades como a elaboración de boletíns informativos da área fronteiriza ou unha análise comparativa da estrutura salarial transfronteiriza en sectores estratéxicos*
- *Os membros do Eures Galicia-Norte de Portugal son a Universidade de Vigo, a Asociación Industrial do Miño, a Asociación Empresarial de Viana do Castelo, a Asociación Empresarial do Alto Támega, o Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal, a Comunidade Intermunicipal do Vale do Minho, a Unión Empresarial Vale do Minho e as Confederacións Empresariais de Pontevedra e Ourense*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura de nove convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e os socios do Eures (Servizo Europeo de Emprego) Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal. O obxecto destes convenios, de carácter plurianual, é desenvolver actividades de difusión e información do Eures coa finalidade de dar resposta ás necesidades de información relativas á mobilidade fronteiriza de empresarios e traballadores. Así, Traballo distribuirá case 120.000 euros para a posta en marcha das actividades proxectadas polos nove membros desta rede Eures.

As nove entidades coas que se subscribirán estes acordos son a Universidade de Vigo, a Asociación Industrial do Miño, a Asociación Empresarial de Viana do Castelo, a Asociación Empresarial do Alto Támega, o Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal, a Comunidade Intermunicipal do Vale do Minho, a Unión Empresarial Vale do Minho e as Confederacións Empresariais de Pontevedra e Ourense.

A finalidade destas iniciativas é apoiar o desenvolvemento dos obxectivos básicos cos que se constituíu este Servizo Europeo de Emprego (Eures) transfronteirizo, é dicir, facilitar o acceso á información sobre ofertas e demandas de emprego na área transfronteiriza, asesorar sobre a lexislación de ambos os países en materia laboral, proporcionar elementos informativos sobre condicións de vida e de traballo a ambos os dous lados da fronteira e orientar en materia de formación e prácticas profesionais nesta eurrerrexión.

Durante o bienio 2006/2007, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo é a entidade xestora da Rede Eures Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal, polo que unha das súas funcións é xestionar a distribución dos fondos financeiros entre os respectivos socios.

Contribuír ao desenvolvemento de proxectos dirixidos a mellorar o mercado de traballo na rexión transfronteiriza, incluída a cooperación con outros programas, é outro dos obxectivos do Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal.

A Consellería de Traballo, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, é a responsable de levar a cabo as accións de intermediación no mercado de traballo e en concreto, as relativas á inscrición e rexistro de demandantes de emprego e das ofertas de traballo; o rexistro de contratos; autorización de axencias de colocación e Rede Eures.

A través destes convenios de colaboración levaranse a cabo diversas actividades divulgativas: como a xornada *En Galicia, legalmente e en seguranza: a subcontratación transfronteiriza de pequenas empresas*; a presentación de conclusións do Observatorio da Pequena e Mediana Empresa Transfronteiriza; a análise comparativa da estrutura salarial transfronteiriza en sectores estratéxicos.

No marco deste convenio, tamén se levará a cabo o *I Simposio de Creación de Emprego Transfronteirizo: potenciar a creación de emprego transfronteirizo*; o *IV Encontro Empresarial Transfronteirizo Ourense-Norte de Portugal: potencial de creación de empresas no ámbito transfronteirizo*; o *III Seminario Eures Transfronteirizo Universidade Empresa*; e o *Forum Emprego Universitario: Xornadas Universitarias de Emprego en Galicia e Norte de Portugal*.

Outras actividades son a *instalación de equipos de auto-servizo para o acceso á Rede Eures e Eures-T*; *actividades consultivas das consellerías Eures*; *PME: casos transfronteirizos de éxito*, o *Encontro intersindical transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal: balance do período 2004-2007*; así como unha actividade centrada nos *Círculos de Emprego Transfronteirizo ou os grupos de traballo sectoriais*.

Por último, compre sinalar que outra das actividades que se fomentarán dentro do convenio será a formación de técnicos e cadros sindicais; o *III Forum Vale do Minho*; o *Encontro intersectorial para o fomento da mobilidade*; e o boletín informativo para os empresarios da área fronteiriza.



A XUNTA INCREMENTARÁ O INVESTIMENTO PARA ADQUIRIR OS TERREOS QUE ALBERGARÁN A NOVA RESIDENCIA UNIVERSITARIA DA CORUÑA

- ***A partida inicial de 4,1 millóns de euros increméntase ata 5,6 millóns de euros para adquirir 45.000 metros cadrados***
- ***O investimento total nesta actuación pasa a ser de 7,4 millóns de euros, dos cales 1,8 millóns van destinados á urbanización***

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe a proposta da Consellería de Vivenda e Solo de incrementar ata 5,6 millóns de euros o investimento previsto pola Consellería de Vivenda e Solo para a adquisición dos terreos de Elviña nos cales está prevista a construción dunha área residencial para a comunidade universitaria. Deste xeito, increméntase en 1,5 millóns de euros a partida inicialmente prevista de 4,1 millóns de euros.

Ademais, a Consellería de Vivenda e Solo amplía o ámbito de actuación de 40.000 a 45.000 metros cadrados para completar a rede viaria e espazos públicos, o que permitirá unha mellor ordenación do ámbito. Para a urbanización dos terreos a Consellería ten prevista unha inversión de 1,8 millóns de euros. Así, o investimento total previsto para o desenvolvemento desta actuación é de 7,4 millóns de euros.

Neste momento está aberto o Concurso Internacional de Ideas convocado polo departamento que dirixe Teresa Táboas para o desenvolvemento desta actuación, na que se prevé a construción de aproximadamente 400 vivendas protexidas.

O premio do concurso será a elaboración do proxecto de urbanización do ámbito de actuación e os proxectos básico e de execución das vivendas, así como a dirección de obra. O importe do primeiro premio é de 100.000 euros. Concederáse ademais un segundo premio de 40.000 euros, un terceiro premio de 20.000 euros e dous accésit de 10.000 euros.

Estas 400 vivendas promovidas pola Consellería de Vivenda e Solo serán adxudicadas en réxime de aluguer e terán como destino a comunidade universitaria. No conxunto de edificacións deberá planificarse a construción de espazos comúns como unha cafetería, un supermercado, dous locais para servizos sociais e para administración, información, caixas de correo e teléfonos.